



ANUNCIO

ASUNTO: RESULTADO PROVISIONAL DO CONCURSO DE MÉRITOS DO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE 1 PERSOA LABORAL TEMPORAL (PRÁCTICAS), DUN TECNICO SUPERIOR DE ACTIVIDADES FISICO-DEPORTIVAS DO CONCELLO DE BUEU REALIZADO O LUNS DÍA 2 DE SETEMBRO DE 2019:

Por parte da Secretaria dase conta dos candidatos admitidos:

ORDE	APELIDOS E NOME	
1	FERNANDEZ PAZ GUILLERMO	
2	PIÑEIRO MARTINEZ MARIA	
3	RODRIGUEZ MARTINEZ ANTONIO	
4	SEIJAS CHAPELA CELESTE	

E de seguido realizase por parte do tribunal a revisión da documentación de cada un dos aspirantes admitidos para o procedemento para a contratación laboral temporal de una persoa dentro do programa de actuación “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” nos concellos, da Deputación Provincial de Pontevedra, no marco do Plan de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra.

O tribunal procede a comprobar que todos os aspirantes admitidos reunen as condicións indicadas na Base 3º Entidades colaboradas, das Bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “ O teu primeiro emprego” nos Concellos.

A Secretaria do tribunal indica que os criterios de valoración do concurso de méritos, segundo a base n.º 7º Procedemento de selección son os seguintes:

- a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para os ciclos de formación profesional polo RD 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non estea calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0.00 puntos.
- b) Por ter un doutoramente relacionado co contido da bolsa: 2 puntos
- c) Por cada título oficial de master universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa, 0,50 puntos cada un ata un máximo de 1 punto.
- d) Por posuir unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior a esixida para a formalización do contrato de prácticas, 0,50 puntos por título ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de master ou doutoramento)
- d) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma ou da Administración Local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos organizados por sindicatos no marco do acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:
 - a) De máis de 150 horas de duración: 0,30 puntos por curso.
 - b) De entre 100 a 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
 - c) De entre 60 a 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.
 - d) De entre 30 a 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.
 - e) De entre 10 a 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos. Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de selección a experiencia laboral.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco Español de Cualificación para a educación superior) terá unha





CONCELLO DE BUEU

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
RECADACION@CONCELLODEBUEU.GAL / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

Polo tribunal resolve que en canto o apartado a) Expediente académico, dos criterios de valoración, decidiuse que a nota media de 10 equivale a 4 puntos polo tanto realizouse una regra de tres para o calculo da puntuación dos expedientes académicos.

O Tribunal, por unanimidade dos seus membros, indica que os certificados emitidos polas Federacións non se terán en conta, por canto son entidades privadas con personalidade xurídica propia, non axustándose o apartado d) dos criterios de valoración.

Rematado o estudo da documentación presentada o tribunal, por unanimidade dos seus membros, resolve que o resultado provisional para a contratación dun Técnico superior de actividades físico-deportivas, dentro do Programa “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” queda como segue:

TECNICO DEPORTIVO 2019				CRITERIOS						
ORDE	APELIDOS E NOME		NOTA	EXPTE ACADEMICO	De mais de 150h	De 100 a 150 h	De 60 a 99 h	De 30 a 59 h	De 10 a 29 h	PUNTUACION
1	FERNANDEZ PAZ GUILLERMO		9,2	3,68						3,68
2	PIÑEIRO MARTINEZ MARIA		9,3	3,72						3,72
3	RODRIGUEZ MARTINEZ ANTONIO		6,8	2,72	0,3				0,1	3,12
4	SEIJAS CHAPELA CELESTE		7,8	3,12						3,12

Logo do anterior, en aplicación da base 7ª Procedemento de selección o Tribunal orde publicar a lista provisional do xeito sinalado nas bases e conceder o **prazo de dous (2) días hábiles**, serán 3 de setembro e 4 de setembro de 2019, o horario de atención o público do rexistro de 8:00 a 13:30 horas, **para a presentación de reclamacións e alegacións oportunas**.

O Tribunal acorda **por unanimidade que o medio de presentación de reclamacións ou alegacións sexa única e exclusivamente por estas vías:**

- **Presencialmente no Rexistro do Concello en horario de 8:00 a 13:30 horas de luns a venres.**
- **Por correo certificado urxente. Enviando por fax (986322099 Concello) a copia da reclamación presentada á Att/ da Secretaria do Tribunal ou ao correo electrónico recadacion@concellodebueu.gal.**
- **Na sede electrónica do Concello de Bueu.**

O tribunal informa segundo a Base 7º do procedemento de selección que no caso de procedirse empates entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia a muller naqueles casos en que se produza una infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. En caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

Rematado o prazo de alegacións o Tribunal resolverá as que se presentaron en tempo e forma, elevando a definitiva a lista de candidatos.

